

Servizo de
CONTRATACIÓNCONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓNCONCELLO
DE VIGO**ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 15 DE MARZO DE 2018**

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:10 horas do día 15 de marzo de 2018, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 13 de marzo, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

- Presidente:** D. Santos Héctor Rodríguez
- Vocais:** D^a. Susana García Álvarez
D. Pablo Olmos Pista (asiste ao punto 1b)
D^a. Olga Gómez Corbal
D. José Riesgo Boluda
D. Gilberto Moldes Crespo (asiste aos puntos 8, 9 e 11c)
D. Antonio Villanueva Guimeráns (asiste ao punto 11b)
- Secretaria:** D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. presidente procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas**a) Acta da sesión do 6 de marzo de 2018**

Apróbase a acta da sesión do 6 de marzo de 2018 cos votos de D. Santos Héctor Rodríguez, D^a. Susana García Álvarez, D^a. Olga Gómez Corbal e D. José Riesgo Boluda.

b) Acta da sesión do 9 de marzo de 2018

Apróbase a acta da sesión do 9 de marzo de 2018 cos votos de D^a. Susana García Álvarez, D. Pablo Olmos Pita, D^a. Olga Gómez Corbal e D. José Riesgo Boluda.

8.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos**a) Procedemento aberto para a contratación das obras de acondicionamento da praza de Pedro Alvarado (9.811-446) (informe sobre B)**

Entrégase o informe asinado polo enxeñeiro industrial do Servizo de Montes Parques e Xardíns e o xefe do Servizo o 22 de febreiro de 2018 de valoración do sobre B "*proposición avaliable mediante xuízo de valor*".

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de ampliación do parque infantil da praza da Independencia (9.908-446) (informe sobre B)

A secretaria lembra aos membros da Mesa de Contratación do concello de Vigo que o 20



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/04/2024 15:06	Páxina 1 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA741-515BE9-52CA4H-8A6T6G-K2KS9V-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

de febreiro de 2018, en cumprimento do acordado pola Mesa na sesión do 19 de febreiro, concedeuse a JARDINCELAS, S.L. un prazo de tres días hábiles para emendar a súa proposición avaliable mediante xuízo de valor xa que non cumpría as esixencias previstas na cláusula 13.3 do prego de cláusulas administrativas particulares (“Estar asinada dixitalmente por persoa con poder de representación acreditado. Se o soporte non está asinado dixitalmente deberá achegarse unha declaración escrita do licitador, sinalando que o contido do soporte dixital achegado se corresponde coa proposición do sobre de que se trate, e deberá ser asinado por persoa con poder de representación acreditado”).

En contestación ao anterior requirimento, o citado licitador presentou o 21 de febreiro de 2018, dentro do prazo concedido, escrito asinado por persoa con poder de representación da empresa no que subscribe a proposición presentada na data 13 de febreiro de 2018 (rexistro de entrada no 180023692).

A continuación, entrégase o informe asinado polo enxeñeiro industrial do Servizo de Montes Parques e Xardíns e o xefe do Servizo o 13 de marzo de 2018 de valoración do sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor”.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de ampliación do parque infantil de Barreiro (10.083-446) (informe sobre B)

Entrégase o informe asinado polo enxeñeiro industrial do Servizo de Montes Parques e Xardíns e o xefe do Servizo o 13 de marzo de 2018 de valoración do sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor”.

9.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adjudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de acondicionamento da praza de Pedro Alvarado (9.811-446)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo enxeñeiro industrial do Servizo de Montes Parques e Xardíns e o xefe do Servizo o 22 de febreiro de 2018 de valoración do sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor” e acorda:

- Conceder un prazo de tres días hábiles aos licitadores que deseguido se relacionan para que poidan emendar a documentación esixida no apartado 7A das FEC do PCAP (“Carta de compromiso do fabricante de xogos co contido descrito no apartado 16.B.1 desta FEC”):
 1. CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L.
 2. ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN, EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L. (ACEVI)
 3. PLANIFICACIÓN, DESARROLLO Y GESTIÓN DE CONSTRUCCIONES, S.A. (GPD CONSTRUCCIONES, S.A.)
 4. UTE EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, S.A. - SERVICIOS MEDIAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L.

Segundo o informe do 22 de febreiro de 2018 estes licitadores presentaron a carta de compromiso “pero non segundo modelo e contido especificado nas FEC”. Lémbrese que segundo o apartado 16.B.1 das FEC “Deberá



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/04/2024 15:06	Páxina 2 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA741-515BE9-52CA4H-8A6T6G-K2KS9V-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



achegarse unha carta de compromiso do fabricante de xogos, na que se comprometa á fabricación dos elementos detallados no proxecto, especificando as calidades dos mesmos e as preceptivas homologacións de cada elemento de xogo a realizar"

- Excluir a ELSAMEX S.A. do procedemento aberto para a contratación das obras de acondicionamento da praza de Pedro Alvarado (9.811-446) por non ter presentado a documentación esixida no apartado 7A das FEC do PCAP ("*Carta de compromiso do fabricante de xogos co contido descrito no apartado 16.B.1 desta FEC*"), segundo se indica no informe asinado polo enxeñeiro industrial do Servizo de Montes Parques e Xardíns e o xefe do Servizo o 22 de febreiro de 2018, constituíndo un motivo de exclusión dos previstos na cláusula 13.5B do prego de cláusulas administrativas particulares ("*A falta de presentación dos documentos esixidos no apartado 7.A da FEC, agás que neste se estableza o contrario*").

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de ampliación do parque infantil da praza da Independencia (9.908-446)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo enxeñeiro industrial do Servizo de Montes Parques e Xardíns e o xefe do Servizo o 13 de marzo de 2018 de valoración do sobre B "*proposición avaliable mediante xuízo de valor*".

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de ampliación do parque infantil de Barreiro (10.083-446)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo enxeñeiro industrial do Servizo de Montes Parques e Xardíns e o xefe do Servizo o 13 de marzo de 2018 de valoración do sobre B "*proposición avaliable mediante xuízo de valor*".

11.- Propostas de adjudicación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Fátima (4.921-440)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Fátima (4.921-440)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 1 de marzo de 2018,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/04/2024 15:06	Páxina 3 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA741-515BE9-52CA4H-8A6T6G-K2KS9V-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, porque non presentou xustificación ningunha en prazo:

- **CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.**

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Fátima (4.921-440) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	ORESA, S.L.	93,58
2	CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, S.A.	92,85
3	COPCISA, S.A.	91,48
4	NAROM, S.L.	90,56
5	PLANIFICACIÓN, DESARROLLO Y GESTIÓN DE CONSTRUCCIONES, S.A. (GPD CONST. S.A.)	90,25
6	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN, EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L. (ACEVI)	90,24
7	SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L.	89,20
8	EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, S.A.	88,91
9	EXCAVACIONES Y TRANSPORTES B.C., S.L.	84,90

Terceiro.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORESA, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requirit ao citado licitador o aboamento de 999,02 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORESA, S.L., os días 2 de marzo de 2018, que presenta a documentación requirida o 9 e 13 de marzo, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 15 de marzo de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.



Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ORESA, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ORESA, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 1 e 23 de febreiro de 2018, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a ORESA, S.L., o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Fátima (4.921-440) por un importe total de 170.775,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 29.638,64 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

b) Procedemento negociado sen publicidade para a contratación do mantemento de aplicacións propiedade de terceiros (8.372-113)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/04/2024 15:06	Páxina 5 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA741-515BE9-52CA4H-8A6T6G-K2KS9V-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do mantemento de aplicacións propiedade de terceiros (8.372-113)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 1 de marzo de 2018, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo co previsto no prego de cláusulas administrativas particulares, a proposición admitida neste procedemento negociado sen publicidade para a contratación do mantemento de aplicacións propiedade de terceiros (8.372-113) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación
1	T-SYSTEMS ITC IBERIA, S.A.U.	100 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, T-SYSTEMS ITC IBERIA, S.A.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 20 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, T-SYSTEMS ITC IBERIA, S.A.U., o día 2 de marzo de 2018, que presenta a documentación requirida o 12 de marzo, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 15 de marzo de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/04/2024 15:06	Páxina 6 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA741-515BE9-52CA4H-8A6T6G-K2KS9V-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar T-SYSTEMS ITC IBERIA, S.A.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por T-SYSTEMS ITC IBERIA, S.A.U., de acordo co informe de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor de data 7 de febreiro de 2018 e das actuacións da Mesa de Contratación na sesión do 22 de febreiro.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a T-SYSTEMS ITC IBERIA, S.A.U., o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do mantemento de aplicacións propiedade de terceiros (8.372-113) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo total do contrato é de 47.684,50 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 8.275,82 euros.*
- b) *Propón un prezo hora da prestación de asistencia e asesoramento técnico de 87,50 euros, IVE incluído.*
- c) *Comprométese a efectuar 24 horas ao ano de prestación de asistencia e asesoramento técnico sen custo para o Concello.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de construción dun parque de skateboard, bmx e roller no parque de San Pelaio de Navia (Vigo) (9.683-446)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/04/2024 15:06	Páxina 7 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA741-515BE9-52CA4H-8A6T6G-K2KS9V-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de construción dun parque de skateboard, bmx e roller no parque de San Pelaio de Navia (Vigo) (9.683-446)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 15 de febreiro de 2018, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de construción dun parque de skateboard, bmx e roller no parque de San Pelaio de Navia (Vigo) (9.683-446) na seguinte orde descendente:

EMPRESA	PUNTUACIÓN TOTAL
ZONA DE OBRA O ROSAL SLU	100,00
MECANO SPORT SL	94,88
PRACE, SERVICIOS Y OBRAS SA	92,87
ORESAS SL	89,66
COPCISA	87,73
CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS SA	56,58
CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA SL	44,00

Segundo.- *Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Terceiro.- *Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.012,94 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.*

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L.U., o día 16 de febreiro de 2018, que presenta a documentación requirida o 2 de marzo de 2018, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 9 de marzo de 2018 revisou a documentación presentada, e ao non constar a acreditación da solvencia técnica



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/04/2024 15:06	Páxina 8 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA741-515BE9-52CA4H-8A6T6G-K2KS9V-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



acordou, por unanimidade dos membros presentes, conceder a ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L.U. un prazo de tres días para que puidese acreditarla.

Durante o prazo concedido, o 14 de marzo de 2018 o licitador presentou a documentación requirida, que foi examinada pola Mesa de Contratación na sesión do 15 de marzo de 2018. Sendo correcta a documentación a Mesa acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L.U., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliábeis a través de fórmula, de data 5 de febreiro de 2018.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L.U., o procedemento aberto para a contratación das obras de construción dun parque de skateboard, bmx e roller no parque de San Pelaio de Navia (Vigo) (9.683-446) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo total do contrato é de 218.999,99 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 38.008,26 euros.*
- b) *Propón unha redución no prazo de execución das obras de 60 días.*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/04/2024 15:06	Páxina 9 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA741-515BE9-52CA4H-8A6T6G-K2KS9V-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

14.- Dar conta da interposición/resolución de recursos

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de estacionamento regulado e controlado na vía pública mediante parquímetros (90.514-210):

- **Resolución do Tribunal Central de Recursos Contractuales nº 164/2018 -recurso nº 1281/2017- pola que se desestima o recurso interposto por D. Javier Nuevo García, en nome e representación de INGESER ATLÁNTICA, S.L. e D. José Luis Pérez Rebollo, en nome e representación de ESTACIONAMIENTOS IBERPARK, S.A., contra o acordo da Mesa de Contratación do 14 de novembro de 2017 polo que se exclúe á UTE formada por ambas sociedades do procedemento**

Dáse conta da referida resolución aos membros da Mesa e infórmase que desta resolución deuse conta á Xunta de Goberno local na sesión do 9 de marzo de 2018.

b) Procedemento aberto para a contratación do subministro de monitores e estacións de traballo (8.364-113):

- **Escrito presentado por MARKA INFORMÁTICA, S.L. en relación coas especificacións mínimas esixidas no PPT, no que solicitan “que en caso de incumprimento da empresa Telinco sexa declarado deserto por non cumprir ningunha das empresas presentadas co PPT”**

Dáse conta do citado recurso.

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento e soporte de aplicacións informáticas propiedade do concello de Vigo” (8280-113)

- **Recurso dealzada interposto por EVELB TÉCNICAS Y SISTEMAS, S.L. contra o acordo da Mesa de Contratación do 29 de xaneiro de 2018 polo que se lle exclúe do procedemento**

Dáse conta do citado recurso.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 10:45 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

O presidente da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/04/2024 15:06	Páxina 10 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA741-515BE9-52CA4H-8A6T6G-K2KS9V-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		